

MANUAIS PARA O CUMPRIMENTO DA  
CONDICIONALIDADE

# NOTIFICACIÓN DE ENFERMIDADES



## 1.- O QUE VOSTEDE TEN QUE CUMPRIR

**REQUISITO 1:** Notificar de inmediato á autoridade competente a presenza ou a sospeita de presenza, da enfermidade da febre aftosa

**REQUISITO 2:** Notificar de inmediato á autoridade competente a sospeita de presenza dalgunha destas enfermidades:

- Peste bovina
- Peste de pequenos ruminantes
- Enfermidade vesicular porcina
- Enfermidade hemorráxica epizoótica do cervo
- Viruela de ovino-cabrún
- Estomatite vesicular
- Peste porcina africana
- Dermatose nodular contaxiosa
- Febre do val de Rift

**REQUISITO 3:** Notificar de inmediato á autoridade competente a sospeita ou confirmación da lingua azul.

### Normativa Comunitaria de referencia (segundo Regulamento (CE) 73/2009)

- **Directiva 2003/85/CE** relativa a medidas comunitarias de loita contra a febre aftosa. pola que se derrogan a Directiva 85/511/CEE e 91/665CEE e modifícase a Directiva 92/46/CEE.
  - Artigo 3: Notificación da febre aftosa.
- **Directiva 92/119/CEE** pola que se establecen medidas comunitarias xerais para a loita contra determinadas enfermidades de animais e medidas específicas respecto á enfermidade vesicular porcina.
  - Artigo 3.
- **Directiva 2000/75/CE** pola que se aproban disposicións específicas relativas ás medidas de loita e erradicación da febre catarral ovina.
  - Artigo 3

### Normativa Nacional de referencia

- Real Decreto 617/2007**, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación.
- Real Decreto 2179/2004**, polo que se establecen medidas de loita contra a febre aftosa.
- Real Decreto 650/1994**, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina.
- Real Decreto 1228/2001**, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.



## 2.- PARA CUMPRIR ESTAS OBRIGAS, VOSTEDE DEBERÁ

1. No caso de que sospeite da existencia de calquera enfermidade no seu gando, consultar o seu veterinario.
2. Se existe a sospeita da presenza de calquera das enfermidades mencionadas, notificar esta circunstancia aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural e do Mar. Ao respecto, pode acudir á Oficina Agraria Comarcal á que pertence a súa explotación, ou ao Servizo provincial de Gandería.
3. Manter o animal afectado illado dos restantes ata que o examine o veterinario oficial e decida as medidas a tomar.
4. Deixar aos animais sensibles á enfermidade no interior das instalacións, ou nalgún lugar onde podan quedar illados.
5. Censar e manter correctamente identificados á totalidade de animais da explotación.
6. Evitar todo movemento de persoas, animais e vehículos con orixe ou destino na explotación.
7. Evitar, ata que o decida o veterinario oficial, o traslado de cadáveres, pensos, esterco ou calquera outro elemento que puidera transmitir a enfermidade.
8. Non sacar produtos de orixe animal da explotación, ata que o autorice o veterinario oficial.
9. Aplicar as medidas de desinfección axeitadas nas instalacións, e nas entradas e saídas da explotación.
10. No caso de sospeita de lingua azul, confinar aos animais sensibles nas horas de máxima actividade dos mosquitos e realizar tratamentos desinsectantes nos animais e nas cortes.
11. Colaborar co veterinario oficial na toma de mostras para confirmar ou descartar a existencia da enfermidade, así como nas investigacións que realice.
12. No caso de que se confirme a presenza da enfermidade, cumprir todas as medidas que estableza o veterinario oficial.



## 3.- LEMBRE QUE:

No caso de que vostede non cumpra con algunha das obrigas da condicionalidade ou se non colaborara cos inspectores da Consellería do Medio Rural e do Mar, poden reducirse ou mesmo anularse as axudas da PAC que percibe.

### INFORMACIÓN ADICIONAL

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade pode solicitala nas Oficinas Agrarias Comarcais ou nos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén dispón de información sobre a condicionalidade en [http://www.medioruralemor.xunta.es/nc/es/fogga/politica\\_agraria\\_comun/condicionalidad/](http://www.medioruralemor.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/condicionalidad/) ou na Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>).



# NOTIFICACIÓN DE ENFERMIDADES



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR